


# DEFENDEMOS O MEDIO AMBIENTE



un mundo  
en tus manos



# UNIDADE DIDÁCTICA: 12 A 16 ANOS

## OBXECTIVOS:

1. Desenvolver unha posición crítica e participativa con respecto ao noso modelo de consumo, a relación coa natureza e a utilización sostible dos recursos naturais.
2. Aprender sobre o papel das mulleres, mozos e mozas e comunidades ao redor do mundo na defensa do medio ambiente.
3. Promover accións de mobilización e incidencia polo coidado do medio ambiente nos nosos entornos educativos e comunitarios.

## MATERIAIS:

- Proxector con ordenador e son para vídeo
- Folios
- Lápicos e bolígrafos

## MIRAMOS A IMAXE:

Miramos co grupo o cartel que decora a portada desta unidade didáctica. ¿ Que vemos?

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

**Comezamos a actividade preguntado ao grupo sobre que lles gusta máis do medio ambiente:**

- ¿ Que é o que máis valorades da natureza e da Terra na que convivimos?
- ¿ Que é o que máis vos chama a atención? ¿Por que?

Tras esta choiva de ideas, a persoa que dinamiza ou unha persoa voluntaria, lee para todo o grupo o seguinte texto:

**“Na actualidade, en moitas rexións do mundo, perdeuse o contacto directo coa natureza, modificáronse os ecosistemas e en ocasións isto afectou gravemente a saúde humana e ao equilibrio do planeta. Pero tamén estamos vendo que, ao redor do mundo, moitas comunidades indíxenas, campesiños, e inclusive mobilizacións de xoves a nivel internacional como está acontecendo con #FridaysForFuture e Greta Thunberg, está sendo defensora e defensores do medio ambiente para reverter esta situación urxente de cambio.**

Para aprender sobre algúns exemplos nos que miles de persoas están defendendo a Terra e do importante que é relacionarnos con ela en respecto, coidado e igualdade, a continuación veranse os vídeos de varios casos concretos:

**EXEMPLO 1** : Testemuña do pobo indíxena brasileiro Guajajar Tenehar.<sup>3</sup>

**EXEMPLO 2**: Testemuña de Yesenia Ortiz, Gardiá Ambiental <sup>4</sup>e vídeo de “ Gardiás Ambientales” de El Salvador.<sup>5</sup>

**EXEMPLO 3**: Testemuña do movemento xuvenil en Madrid #FridaysForFuture.<sup>6</sup>

Tras visualizar estes exemplos, plantexamos ao grupo as seguintes preguntas:

- ¿Que consecuencias ten no medio ambiente o actual modelo de produción, extracción e consumo sen límites de recursos?
- ¿Coñeces modos de produción que respecten a Terra e coiden do medio ambiente?
- ¿Como podemos colaborar para que poida haber máis modos de produción que respecten a terra, a biodiversidade e as comunidades que viven nas zonas rurais?
- ¿Que papel poden ter as/os xoves na defensa do medio ambiente?

Pasamos entón a mencionar que as mulleres tiveron e teñen un papel fundamental no desenvolvemento rural e a produción de alimentos, representando gran parte da man de obra agrícola de todo o mundo. Sen embargo, tamén son as mulleres e as nenas, as que máis afectadas se ven cos cambios do clima e da degradación das terras por causa do noso modelo de consumo, os cales están forzando a migrar dos seus fogares a millóns de persoas en todo o mundo.

En todo iso, **o papel da muller en defensa do medio ambiente resultou clave durando a Historia para concienciar sobre a urxencia de protexer a natureza, os recursos limitados e os modelos de vida sostibles e respectuosos co medio ambiente.**

Propoñemos entón ao grupo a explorar a historia dalgunhas mulleres que loitaron, investigando e sensibilizando acerca da importancia de defender o medio ambiente e relacionarse dunha maneira equilibrada , sostible e equitativa coa natureza, os recursos que nos ofrece e todos os seres vivos que convivimos nela.

Estas son as **mulleres defensoras do medio ambiente** que suxerimos que investiguen por grupos:

- Wnagari Maathai
- Vandana Shiva
- Berta Cáceres
- Jane Goodall
- Greta Thunberg

Para contar con unha guía de recollida de información acerca do traballo destas mulleres, poden usas as seguintes preguntas:

---

<sup>3</sup> “A Terra susténtanos e danos alimento” Survival Internacional.

<https://www.youtube.com/watch?v=OvNuDqtPcfQ>

<sup>4</sup> “Mulleres que defendo o medio ambiente” Fundación Entreculturas.

<https://www.youtube.com/watch?v=qTGgIrxGp24&feature=youtu.be&fbclid=IwAR1StdS6jdgMQBzLX0XhNWvWUEn-ymuJiogM37TIINC6TsmCqWwyg3W3YG8>

<sup>5</sup> “Gardiáns Ambientales El Salvador”. Fundación Entreculturas.

<https://www.youtube.com/watch?v=XwOF67pUCJ8>

<sup>6</sup> “Rosalía falanos de FridaysForFuter” Fundación Entreculturas

<https://www.youtube.com/watch?v=80o8i0paxrA>

- ¿Onde e cando naceu?
- ¿En que ámbito traballou?
- ¿Cales son as súas accións destacables na defensa do medio ambiente?

Para finalizar, cada grupo irá presentando a defensora do medio ambiente que investigaron.

- ¿Que é o que máis nos chama a atención das súas accións?
- **Todas e todos nos ¿ podemos ser tamén defensoras e defensores do medio ambiente? ¿De que maneira?**

## A IGUALDADE ESTÁ NAS NOSAS MANS ¿ POR ONDE COMEZAMOS?

Para poder incidir no noso entorno e propoñer accións concretas como cidadás e cidadáns globais que defenden o medio ambiente, propomos o seguinte ao grupo: Parecido ao día da Pachamama que celebran no mes de agosto en moitas rexións en América Latina, podemos decidir sobre o noso propio día da Terra e do Medio Ambiente ( que pode ser un dos propios Días Internacionais mencionados nesta unidade didáctica) Para celebrar este día, podemos realizar tres accións concretas:

1. Preparar unha pequena campaña de sensibilización no noso entorno, centro educativo ou barrio, deseñando unha serie de carteis con debuxos ou mensaxes que inspiren a concienciar sobre a necesidade e o dereito que temos de convivir nun planeta sostible, igualitario e san. Pódense usar citas que dixeran algunha das mulleres defensoras do medio ambiente que investigamos, ou inspirarse nas mobilizacións xuvenís que están ocorrendo actualmente con #FridaysForFuture
2. Organizar unha **acción de mobilización** na que xuntemos a familias, xuvenís e persoas do noso entorno nun espazo amplío. Nesta acción podemos ler algún texto inspirador dalgunha das mulleres defensoras do medio ambiente que fomos investigando, e escribir mensaxes de compromiso co coidado da Terra para logo enterralos ou sementalos con sementes nalgún espazo exterior tras compartir a súa lectura, como símbolo de defensa do medio ambiente.
3. Realizar unha acción de incidencia, escribindo de maneira participativa un manifesto ou texto de posicionamento no que detallemos nosos compromisos como cidadanía global co medio ambiente, e as peticións de cambio que queremos facer chegar ao noso centro educativo, axuntamento ou comunidade próxima para coidar as zonas verdes, o consumo de recursos ou os espazos de natureza locais, entre todos.

# CRÉDITOS


**Coordinación:** Clara Maeztu y Veda Krüger.

**Autoría:** Encarna Durán y Davinia De Ramón.

**Colaboración:** Alberto Medina, Raquel Llanos, Javiera Oñate e Raquel Alonso.

**Dirección de Arte e Deseño Gráfico:** Maribel Vázquez.

**Edita:** Fundación Entreculturas.



**un mundo**  
en tus manos

